

CONMEMORACIÓN DO DIA EUROPEO DO USO PRUDENTE DE ANTIBIÓTICOS. 18 DE NOVEMBRO DO 2025

Desde o descubrimento do primeiro antibiótico, a penicilina, por Alexander Fleming en 1928 e a súa purificación, produción e introdución a gran escala durante a Segunda Guerra Mundial, as resistencias aos antimicrobianos (RAM) xurdiron como resultado de cambios evolutivos das bacterias fronte aos antibióticos, a transmisibilidade intrafamiliar e comunitaria, a indicación e prescricións inadecuadas e factores ambientais.

As RAM constitúen un problema emerxente de saúde pública a nivel mundial. Contribúen á morbilidad e mortalidade dos pacientes ao diminuír a resposta terapéutica agardada aos antibióticos e á selección de patóxenos máis agresivos, máis difíciles de erradicar ou con maior transmisibilidade e mesmo sen alternativa de tratamento. As RAM causan 35.000 mortes ao ano en Europa e repercuten en gran medida nos orzamentos sanitarios, xerando un gasto adicional de 1.500 millóns de euros. Segundo o informe [“Health at a Glance”](#) da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) do 2025, España foi o quinto país da OCDE que máis antibióticos consumiu en Atención Primaria, só por detrás de Grecia, Romanía, Corea e Bulgaria (apéndice).

No marco da Semana Mundial de Concienciación sobre o Uso dos Antimicrobianos, que ten lugar cada ano do 18 ao 24 de novembro, celebrouse este pasado martes 18 o [Día Europeo para o Uso Prudente dos Antibióticos](#). O obxectivo desta iniciativa é concienciar sobre a crecente ameaza das RAM e promover o uso prudente destes medicamentos co fin de preservar a súa eficacia para as futuras xeracións.

É responsabilidade dos profesionais sanitarios a decisión sobre a necesidade de prescribir antibiótico, a mellor opción terapéutica, cando instauralo e canto mantelo. Co fin de mellorar a toma de decisións en canto á selección e idoneidade dos antibióticos, o [Plan Nacional para la Resistencia aos Antibióticos \(PRAN\)](#) puxo a disposición dos profesionais clínicos a [Guía Terapéutica Antimicrobiana do SNS](#), unha ferramenta de apoio na consulta elaborada daccordo ós criterios de prescrición establecidos polo PRAN.

Esta guía de prescrición clínica facilita ao clínico, con información baseada na evidencia, a mellor adecuación na elección e prescrición do antibiótico. Incorpora a ferramenta [“AwaRe”](#), desenvolvida pola OMS, cunha codificación por cores segundo maior ou menor nivel de recomendación (apéndice) para máis de 30 infeccións clínicas frecuentes en nenos e adultos, nun formato doadamente accesible para o seu uso cotián en consulta. Ademais ofrece un manual para a obtención de mostras, a prescrición diferida e situacións clínicas especiais como a xestación ou a lactancia.

Ademais, na nosa comunidade autónoma estanse a desenvolver [programas de optimización do uso de antibióticos \(PROA\)](#) e plans de prevención das infeccións máis frecuentes no ámbito hospitalario vinculadas á asistencia sanitaria ([programas Zero](#)).

Pero ademais, como todo problema de saúde pública, implica a toda a cidadanía, e débese concienciar das medidas preventivas que cada un de nós pode integrar na súa vida diaria co fin de contribuír á prevención das RAM, como son por exemplo:

- Manter unha correcta hixiene de mans sobre todo tras o uso do lavabo e cando se manipulen alimentos.
- Evitar contacto con outras persoas, sobre todo de colectivos vulnerables, se se presentan signos de infección.
- Utilizar máscara cirúrxica cando exista clínica respiratoria.
- Manter aos nosos animais de compañía en adecuadas condicións hixiénico sanitarias e con supervisión profesional.
- Cumprir o calendario vacinal vixente.
- Non automedicarse nin suspender a toma dos antibióticos antes do pautado polo profesional sanitario que o prescribiu.
- Non utilizar os antibióticos para procesos víricos ou leves, xa que só son efectivos contra bacterias e non son eficaces para o control da dor ou da febre.
- Depositar os excedentes de medicación aos puntos de recollida nas farmacias e non tiralos ao lixo doméstico, para evitar o paso dos antibióticos ao medio ambiente.

APÉNDICE




Figura 1. Consumo de antibióticos por países ata 2023. Fonte: OCDE 2025.

A Antibióticos del grupo "Access" (Acceso) de la clasificación AWaRe En este grupo se incluyen los antibióticos que constituyen la primera o segunda línea de tratamiento empírico para los síndromes infecciosos más prevalentes, en base a la evaluación de la evidencia disponible, con un perfil de seguridad favorable y un bajo potencial de generación y/o selección de resistencias.	W Antibióticos del grupo "Watch" (Precaución) de la clasificación AWaRe En este grupo se incluyen los antibióticos que presentan un mayor potencial de generación y/o selección de resistencias y desempeñan un papel clave en la medicina humana. Se trata de la opción más efectiva para un grupo limitado de síndromes infecciosos bien definido y su utilización debería ser monitorizada estrechamente y estar limitada a indicaciones específicas	R Antibióticos del grupo "Reserve" (Reserva) de la clasificación AWaRe En este grupo se incluyen antibióticos de "último recurso", con actividad frente a patógenos multi-resistentes (MDR) o extremadamente resistentes (XDR) y que deben utilizarse únicamente cuando el resto de alternativas terapéuticas no resulten de utilidad o hayan fracasado.
Amoxicilina, Clindamicina, Metronidazol, Nitrofurantoína	Azitromicina, Cefalosporinas de 3ª e 4ª generación, Ciprofloxacino, Gentamicina	Colistina, Linezolid, Vancomicina, Ceftazidima/avibactam

Figura 2. Categorías AWARE para a prescripción de antibióticos e exemplos de antimicrobianos incluídos en cada una delas.